



Confederación Intersindical Galega  
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

## NOVIDADES CONCURSOS

No día de onte pechouse, xa definitivamente, o concurso de Axentes Tributarios. Nestes días enviarase ao BOE para a publicación dos adxudicatarios. A AEAT non quixo, en ningún caso, baixar mínimos nos postos na que poidera haber subida de tramo dos concursantes, polo que quedaron nada menos que 11 postos vacantes (ii case o 13% das prazas convocadas!!). Lembrede que os adxudicatarios que levaran no concurso un posto cun específico inferior ao que teñen na actualidade deben tomar posesión antes do 1 de marzo para optar á reclasificación.

Respecto ao concurso do Corpo Técnico de Facenda xa temos a confirmación de que a Comisión de Valoración rematará o vindeiro martes día 16 de febreiro. Temos listados actualizados a día 10 de febreiro. Nalgunhas prazas baixouse a puntuación mínima, excepto nos postos 38, 178 e 208 que quedarán vacantes (en principio). De todos xeitos haberá mais cambios pois seguen chegando renuncias (o prazo remata o día 16).

Nestes días a CIG interesouse sobre a "rumoroloxía" existente de que se ofertarán prazas moi demandadas (como poden ser as de Galicia) á nova promoción de Técnicos que aprobaron por libre en lugar de ofrecerlles primeiro aos que están prestando xa servizos na AEAT. A ese respecto, o Subdirector de Xestión de Persoal afirmou que iso non será así (xa o veremos) e que está prevista a convocatoria doutro novo concurso do CTH para o mes de xuño cos postos que poden ser de interés para os funcionarios que levan moitos anos no "exilio forzoso".

**SEGUIREMOS INFORMANDO**

**CIG-AEAT:**

**DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA**

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF: 981 61 68 89-EXT.: 868 89//FAX 981 12 72 22

[cigaeat@gmail.com](mailto:cigaeat@gmail.com)

**[WWW.CIGAEAT.COM](http://WWW.CIGAEAT.COM)**